

PLAN DE IGUALDADE

1. INTRODUCCIÓN

A familia e a escola son os primeiros ámbitos de socialización e de construción dunha cultura que pode cambiar ou perpetuar formas de pensamento e de acción social. As familias e o profesorado son decisivos para a transmisión de valores de respecto, tolerancia e igualdade entre homes e mulleres. Tamén desempeñan un papel importante na compensación de desigualdades; e entre elas as que proveñen de prexuízos sexistas e que poden incidir no desenvolvemento de nenos e nenas desde os seus primeiros anos.

Desde a escola debemos desenvolver unha reflexión crítica sobre aqueles aspectos que poidan xerar discriminación entre as persoas polo simple feito de ser de distinto sexo.

A educación para a igualdade debe realizarse desde idades temperás. O sistema educativo debe facerse cargo de crear as condicións necesarias para que a escola potencie as aprendizaxes para a vida afectiva e incorpore o valor e a riqueza que supón a diversidade de modos de ser home e de ser muller para establecer unhas relacións baseadas na equidade e no respecto.

Hai que lembrar que as diferenzas entre os sexos son enriquecedoras e que a igualdade non é a eliminación das diferenzas, senón a eliminación de toda discriminación e desigualdade a causa de esas diferenzas, a escola debe :

- Transmitir unha forma de vida exenta de prexuízos e de estereotipos de xénero.
- Intentar contrarrestar o efecto das mensaxes non igualitarias que reciben desde ámbitos que, en ocasións, conlevan discriminación e fomento de estereotipos sexistas.
- Procurar un ambiente de convivencia, baseado nun concepto de cidadanía responsable e democrática que non tolere discriminacións.
- Fundamentar as relacións humanas no respecto e na igualdade de dereitos e oportunidades, no diálogo e na resolución pacífica dos conflitos.

- Capacitar para que elixan as súas opcións académicas sen condicionamentos de xénero.
- Incorporar as competencias e coñecementos necesarios para que o alumnado se eduque na corresponsabilidade e se fagan cargo das súas actuais e futuras necesidades e responsabilidades relacionadas co traballo doméstico e co coidado das persoas.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.

2.1. Marco normativo

O plan de Igualdade fundamentase na visión trascendente da existencia e do recoñecemento da dignidade e a singularidade de cada persoa, única e irrepitible, chamada a súa plena realización, de xeito que poda alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades e actitudes. A igualdade entre homes e mulleres é un dereito básico que rexe o funcionamento das sociedades democráticas e que a Unión Europea identifica como un dos seus principios esenciais, e que levou a ditar diversas directrices instando os gobernos a implementar políticas tendentes o desenvolvemento da igualdade real entre homes e mulleres.

A Constitución española de 1978 recoñeceu no artigo 14 a igualdade ante a lei por razón de sexo, pero, máis alá dese recoñecemento formal, estableceuse no artigo 9.2 que é unha obriga dos poderes públicos promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva e, de xeito moi similar, o noso Estatuto de autonomía atribúelles a mesma obriga aos poderes públicos no ámbito da nosa Comunidade Autónoma, de tal xeito que a promoción da igualdade debe estar presente en toda a actividade administrativa autonómica e en concreto na que ten que ver coa regulación e co fomento da educación, materia na que tamén o Estatuto atribúe competencia plena á nosa Comunidade Autónoma en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades sen prexuízo do disposto na Constitución e nas leis orgánicas para a competencia estatal.

A Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes despois de 2015 considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito educativo e destácase o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación

na loita contra eses estereotipos e para poñer fin á discriminación baseada no xénero, así como os seus efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral.

No ámbito estatal o preámbulo da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, xa pon de manifesto que a educación é o medio de transmitir e, ao mesmo tempo, de renovar, a cultura e o acervo de coñecementos e valores que a sustentan. Así, un dos principais fins que se persegue coa educación é a formación no respecto dos dereitos e das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas. Deste xeito, calquera órgano con competencias relacionadas coa educación pode exercer unha importante influencia en cuestións que atinxen á consecución da igualdade de xénero.

O artigo 1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece como principio da educación “**o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero**”. No artigo 2 dise que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a “**educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres ...**”

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes establece no seu artigo 24 **a integración do principio de igualdade na política de educación** establecendo as seguintes actuacións:

- A) A atención especial nos currículos e en todas as etapas educativas ao principio de igualdade entre mulleres e homes.
- B) A eliminación e o rexeitamento dos comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial consideración a iso nos libros de texto e materiais educativos.
- C) A integración do estudo e aplicación do principio de igualdade nos cursos e programas para a formación inicial e permanente do profesorado.
- D) A promoción da presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de control e de goberno dos centros docentes.

E) A cooperación co resto das administracións educativas para o desenvolvemento de proxectos e programas dirixidos a fomentar o coñecemento e a difusión, entre as persoas da comunidade educativa, dos principios de coeducación e de igualdade efectiva entre mulleres e homes.

F) O establecemento de medidas educativas destinadas ao recoñecemento e ensino do papel das mulleres na Historia.

No ámbito autonómico son moitas as disposicións normativas que recollen instrumentos para acadar unha educación e formación en igualdade entre mulleres e homes. Así, o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade establece:

- Que **o currículo regulador do sistema educativo** proporcionará, tanto ás mulleres coma aos homes, unha educación para a igualdade. (art. 17)
- Erradicación de prexuízos nos centros docentes (art. 18)
- Inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudo (art. 22) e divulgación desta realidade e dos diferentes modelos de familias entre as ANPA (art. 25)
- Combater o acoso e favorecer a visibilidade do alumnado LGTBI e a plena normalidade das distintas orientacións sexuais e identidades de xénero. (art. 26). Publicándose nesta liña unha serie de Protocolos recollidos en Educonvives.gal que se activarán dende os propios centros cando sexa necesarios como por ex. “Protocolo de Identidade de xénero”.

Por outra parte o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establece como un obxectivo da educación primaria desenvolver unha actitude contraria aos “prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo - sexual”. Así mesmo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato inclúe entre os seus elementos transversais evitar “os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual”.

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro), contempla a **integración do principio de igualdade entre mulleres e homes**, para o que resolve establecer, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Así pois, entre os **principios informadores e fins das normas de convivencia** recóllese a educación en igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres. Indica que a comunidade educativa, no seu conxunto, velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas, entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Do mesmo xeito, será tamén un **principio que deberá rexer a composición da comisión de convivencia**, que terá entre as súas funcións, impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente no que se refire ao fomento das actitudes, para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

Entre os **obxectivos xerais do plan de convivencia** sinálase, fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no **fomento da igualdade entre homes e mulleres**. Indícase como outro obxectivo facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da **violencia de xénero** e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

Así mesmo, a igualdade entre homes e mulleres estará presente entre as **actuacións formativas**, nos **programas** relacionados coa mellora da convivencia nos centros e recursos educativos, nas **medidas complementarias** para a mellora da convivencia e nas **medidas correctoras** das condutas gravemente prexudiciais.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTI-FOBIA.

O **CEIP Labarta Pose** atópase situado na localidade de Baio, pertencente ao concello de Zas, na comarca de Soneira. Esta localidade ten a particularidade de estar dividida polo Río Grande en dúas partes, unha pertencente a **Zas** e outra a **Vimianzo**.

A metade dos alumnos do colexio proceden de núcleos de **poboación** de carácter **rural**, onde predominan as vivendas unifamiliares e as actividades do sector primario, mentres que a outra metade viven en Baio, en vivendas con marcado carácter urbano, e con ocupacións relacionadas co sector servizos.

Farase un **diagnóstico** xeral do centro en materia de coeducación e sobre aspectos concretos (resultados académicos, uso de espazos e participación, liderazgo, relacións interpersoais, conflictividade e violencia, toma de decisións e autonomía persoal).

O **claustr** de profesorado está composto por 15 mestras e 2 mestres.

O **equipo directivo** está formado por: directora, xefa de estudos e secretario.

O **consello escolar** está composto por: 5 mestras, 5 nais, unha representante do concello e directora, xefa de estudos e secretario.

O **número de alumnas** é algo superior ao de alumnos.

Nas **actividades extraescolares** hai unha maior participación de nenos nas escolas deportivas (fútbol, baloncesto,...).

Nos **recreos**, pódese observar unha gran maioría de nenos xogando ao fútbol e case ningunha nena.

No curso 2018-19 todo o colexio participou no Plan Proxecta: **Donas de si**, o seu obxectivo principal era a creación dun proceso innovador e de

participación da comunidade educativa no coñecemento e valoración do papel da muller galega ao longo da historia e na actualidade.

Con este proxecto pretendíamos contribuír a formar persoas libres, con sentido crítico e sensibilidade de cara a esta cuestión. Os docentes acompañamos ao alumnado na súa evolución persoal, sendo a intelixencia emocional unha ferramenta de uso común no día a día das relacións académicas.

A participación, implicación e motivación do alumnado nas diferentes actividades que se levaron a cabo foi moi elevada. Tras a realización do proxecto percíbese unha maior concienciación do alumnado cara esta cuestión.

O grao de implicación do profesorado foi moi elevada. A totalidade do claustro aportou ideas elaborou materiais e levou a cabo todas as actividades propostas ao longo do curso.

A valoración da efectividade do proxecto, analizando a súa repercusión na comunidade educativa, foi moi positiva. A prezouse cambios na actitude do noso alumnado, no vocabulario empregado por parte da comunidade educativa. En definitiva, a prézase unha maior concienciación e unha actitude crítica de cara as actitudes sexistas e os estereotipos que se veñen repetindo ao longo da historia ata os nosos días.

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS

1. **Fomentar o recoñecemento efectivo da igualdade entre homes e mulleres.** Desenvolver valores persoais e sociais que fomenten esa igualdade, así como unha boa formación académica que permita gozar dunha igualdade real de oportunidades na vida profesional.
2. **Fomentar a superación de estereotipos , prexuizos e discriminacións por razón de sexo, orixe, raza, etc.,** así como as desigualdades sociais e as xerarquías baseadas neses estereotipos, en modas sociais ou culturais, en prexuizos sexistas ou en calquera outra forma de discriminación.
3. **Educación para aprender a convivir en equidade ao longo da vida.** As tarefas propias da vida doméstica e o coidado das persoas deben asumirse entre homes e mulleres.
4. **Educación na prevención de violencia de xénero e de LGBTifobia.** É preciso erradicar as actitudes de dominio, control, illamento, desvalorización, chantaxe, celos, intimidación ou calquera outra estratexia de coacción. Convén visualizalo sinalando tamén exemplos concretos do que se denomina *micromachismos*, é dicir, pequenas actitudes ou comentarios, quizais lexitimados polo entorno social, pero que supón unha sutil violencia contra as mulleres e constitúen unha deplorable forma de acoso. Así mesmo hai que facer prevención, detección e intervención en casos de LGBTifobia.
5. **Educación na detección de posibles casos de abusos ou maltrato.** É preciso sinalar como detectar actitudes ou comportamentos de acoso, así como pautas sobre os modos de reaccionar , tanto no caso de vítimas como dos que poidan ser observadores.
6. **Educación no respecto e na non discriminación das persoas pola súa orientación sexual.** Débese dar pautas de prevención , detección e reacción para evitar calquera tipo de acoso ou discriminación.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS

5.1. Organización do centro.

- Favorecer a **representación** de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no **Consello Escolar** para participar no impulso do Plan de Igualdade.
- Difundir o Plan entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás **familias**).
- Promover a **formación** do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
- Empregar unha **linguaxe inclusiva e igualitaria** na actividade do Centro.
- Colaborar con outras **entidades** na realización de actividades coeducativas.
- Concretar actividades arredor das **datas coeducativas** do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo, celebracións LGBTI etc.)
- Concretar o desenvolvemento curricular da **educación afectivo-sexual** integral para todo o alumnado do centro.
- Concretar o desenvolvemento curricular da **orientación laboral e profesional** libre de estereotipos, poñendo o foco na incorporación aos itinerarios na ESO, ás modalidades no bacharelato e aos ciclos de formación profesional.
- Promover pautas de actualización curricular e **revisión do material didáctico** con perspectiva de xénero. Así como favorecer dende o centro, en colaboración cos CEFORes, a posibilidade de formación e actualización do profesorado nesta liña.

- Ofertar **materias específicas** de igualdade de xénero.
- Participar en **programas específicos** de igualdade de xénero para traballar a coeducación desde o currículo etc.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes:

- Revisar as **programacións didácticas** e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade...
- Revisar o **material didáctico** empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
- Realizar actividades de **sensibilización** na aula.
- Realizar actividades de información e **sensibilización** coas familias.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo:

- Difundir información a través dun **taboleiro** no centro.
- Promover **lecturas coeducativas** a través da biblioteca escolar.
- Revisar a idoneidade dos **contidos audiovisuais** das actividades do centro.
- Revisar a idoneidade das **entidades colaboradoras** co centro en canto ao -respecto á diversidade sexual e de xénero, poñendo o foco nas empresas

- Empregar **contidos de actualidade** para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
- Empregar **contidos de actualidade** para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
- Xestionar as actividades e da ocupación do **patio** para favorecer a inclusión.
- Promover a cooperación nos **espazos tecnolóxicos**.
- Promover a prevención ante a **discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual** dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.
- Previr o **acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero** do alumnado na realización da fase de prácticas na empresa como parte da prevención de riscos laborais.
- Promover a **participación do sexo menos representado** nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado etc.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

- Promover o **respecto** e do bo trato entre mulleres e homes.
- Promover actividades de **coidado** entre persoas, do medio ambiente etc.
- Promover o respecto cara á **diversidade** sexual e de xénero.
- Promover metodoloxías activas participativas e **cooperativas**.
- Promover a **corresponsabilidade** na realización das tarefas.
- Promover actividades de **intervención social** na comunidade educativa.

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

- Nomeamento dunha persoa do **Consello Escolar** para que impulse e leve a cabo o seguimento de medidas educativas que fomentan a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.
- Cartelería do centro, comunicados e documentos estarán escritos nunha **linguaxe coeducativa**.
- Biblioteca e páxina web empregará unha **linguaxe igualitaria e inclusiva**.
- O plan de Igualdade terá un **carácter transversal**, polo que se incorporarán os valores de igualdade en todas as actividades e para toda a comunidade educativa.
- O **Plan de Acción Titorial** terá especialmente en conta o respecto á igualdade de dereitos e oportunidades, diálogo, cooperación e relación entre as persoas.
- O **Departamento de Orientación** traballará estes aspectos co alumnado e coas familias, procurando detectar carencias ou situacións de risco.
- En **Educación Física** e nas actividades deportivas, insistirase en reflectir unha imaxe positiva das mulleres no deporte, diversificada, exenta de estereotipos de xénero. Debe erradicarse o sexismo na linguaxe oral dos profesionais do deporte, evitando vincular con atributos masculinos a motivación para a acción ou, pola contra, usar termos femininos como reforzo negativo, pois son hábitos aínda demasiado presentes na linguaxe coloquial.
- Nas **entrevistas persoais de tutoría** co alumnado e coas súas familias, tamén se tratarán estes temas e poderá ser ocasión de advertir sobre actitudes ou comportamentos individuais ou familiares que son contrarios á igualdade.
- Na **elección de libros de texto** e outros materiais, procurarase que as concrecións do currículo destaquen o valor da igualdade, tolerancia, respecto e cooperación.

- Nos **plans de lectura**, resaltarase e analizarase o papel das mulleres en todos os ámbitos sociais e nas distintas etapas da historia e a súa contribución ao avance do saber, en especial nas áreas consideradas tradicionalmente masculinas.
- Os **patios e demais espazos escolares** utilizaranse de forma compartida e non excluín-te.
- Nas **actividades de voluntariado**, fomentarse actitudes e valores de igualdade no compromiso cos demais, coa mellora da sociedade e coa contribución desinteresada para o ben de todos.

Elaboraranse cuestionarios que nos faciliten a tarefa de avaliación, de unha actividade, de un proxecto, dos obxectivos fixados durante o curso e do fin propio do Plan de Igualdade.

O centro deberá elaborar unha memoria sobre as actividades e proxectos levados a cabo en materia de igualdade e realizará a avaliación en función do grao de implicación, influencia así como consecución de obxectivos.

O persoal docente deberá informar sobre como aplica a transversalidade en todas as asignaturas ; e das diferenzas significativas, entre nenas e nenos, detectados na aula.

A finais de curso analizaranse e valoraranse estes datos e estableceranse propostas de mellora para os cursos seguintes co fin de ir completando a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos.

PLAN DE IGUALDADE

CURSO 2019-20